

## ***Asociacionismo de base e concellos: unha lectura diacrónica (1964-2005)***

***Basic associationism and city halls: a diachronic interpretation (1964-2005).***

*Manuel PÉREZ RÚA*

*Concello de Moaña*

*Héctor M. POSE PORTO*

*Universidade da Coruña*

**RESUMO:** Os profundos cambios nas dinámicas sociais en Galicia provocaron, con certeza, outras tantas mutacións nas formas de participar socialmente. As representatividades, tipoloxías, actividades e os canles de interacción das entidades asociativas co resto dos axentes da comunidade, coas súas problemáticas e incertezas, esixen unha análise que os autores esbozan co fin de propor o debate, a partir do estudo duns períodos determinados da nosa andaina predemocrática e máis actual.

**PALABRAS CHAVE:** cambio social e político, municipio, asociación, crise de modelo.

**ABSTRACT:** The far-reaching changes in social dynamics in Galicia most certainly brought about other changes in the way people participated socially. Representative groups, typologies, activities and channels through which associative organizations interact with other community agents, along with their problems and uncertainties, require an analysis which the authors present here -for the purpose of triggering debate-, on the basis of a study of specific time periods ranging from pre-democratic to more current times.

**KEY WORDS:** Political and social change, municipality, association, model crisis

O século XX foi unha época de grandes cambios políticos e sociais, en que se ensaiaron ideoloxías en confrontación que deron lugar a organizacións políticas totalitarias ou

---

<sup>1</sup> Unha versión resumida deste artigo foi publicado en Pérez Rúa, M.; Caballo Villar, M<sup>a</sup> B. e Montero Souto, P. (coords.) (2006): *Asociacionismo e participación cidadá: análise e perspectivas*. A Coruña, Deputación da Coruña.

democráticas que, ata mediados do período, utilizaron intensamente o ideario da estruturación, a organización social e as grandes mobilizacións de masas. Foi o tempo do conflito social aberto, a loita de clases, o mito das masas organizadas e cultivadas como factor determinante para cambios revolucionarios ou a dependencia sociopolítica.

Parte deste imaxinario foi transformado en asociacionismo. Un dos enfoques-marco das entidades sen ánimo de lucro ou de base, dende comezos do s. XX, é –na lingua-xe da época- o da “organización das masas” en agrupacións representativas para conseguir determinados fins sociais, sindicais e políticos. Isto deu lugar a unha mitificación e intensificación do proceso asociativo, creando xermolos do que sería, a partir de mediados do século XX, o Estado de Benestar, así como agrupacións sindicais, de solidariedade, lecer, educativas, culturais, deportivas, etc., ao abeiro, entre outras, da Declaración dos Dereitos Humanos e, nomeadamente, os de reunión e expresión como fundamentais.

O período de estabilidade e crecemento económico que experimentaron as sociedades occidentais europeas despois da II Guerra Mundial co pleno emprego de grandes masas asalariadas, o ascenso das novas clases medias, os avances do modelo de Estado de Benestar cos dereitos estendidos a amplas capas da poboación, son todos factores que contribúen a democratizar a sociedade e o acceso á cultura, tendo unha das vías principais na participación social e o asociacionismo. É nesa altura cando en 1964, en plena España franquista, aparece a Lei de asociacións, orixe da normativa que seguiu vixente –coas adaptacións á Constitución de 1978- na súa estrutura fundamental ata a nova lei reguladora do dereito de asociación de 2002.

Naceron daquela, a partir de mediados de 1960, a maior parte das asociacións que serían determinantes na vida social, cultural, educativa, etc., dos nosos concellos. Renacía, a un tempo, a primeira sociedade civil propiamente dita dende a II República, como un movemento articulado, reivindicativo e alternativo, porque estas asociacións cumpriron un papel funcional en canto á vehiculización de demandas sectoriais (pais de alumnos, veciños ou culturais) pero tamén foron, á vez, transmisoras das novas ideas e organizacións que se asentarían coa nova democracia, que arribou a partir de 1976.

## 1. O capital social

Na sociedade posindustrial do último cuarto do s. XX -contrariamente ós indicadores que se viñan utilizando dende a Revolución Industrial, onde a riqueza das nacións dependía en primeiro lugar dos recursos materiais dispoñibles e particularmente das materias primas- o primeiro recurso pasou a ser o capital humano, cuxo principal indicativo son os importantes niveis educativos que favorecen o desenvolvemento e xestión da complexidade. Diversos autores, J. S. Coleman en particular, engaden ó capital material e humano, o capital social definido como a densidade de redes ou interaccións entre o capital humano.

De forma esquemática, unha definición operativa de capital social sería a que fai referencia “*os recursos, tales como expectativas de reciprocidade ou información, derivados*

*da participación do individuo nunha rede social. (...) Emprégase a densidade asociativa como un dos indicadores de capital social*<sup>2</sup>.

O asociacionismo voluntario e as súas redes son, segundo esta teoría, importantes factores de desenvolvemento sociocultural e económico dunha comunidade posto que a facilidade de articulación social significa que a sociedade-rede ten máis posibilidades de avanzar a través de organismos cooperativos, mancomunados e socialmente representativos, que a través de accións individualizadas e isoladas.

As entidades xeradoras de capital social dan lugar ao chamado *terceiro sector* por seren mediadoras entre gobernantes e gobernados, independentes tanto do Estado como do mercado. A capacidade de crear confianza social é seu o grande activo, un factor que crea relacións horizontais (cidadáns con cidadáns) e verticais (cidadáns coas institucións públicas).

Diversos autores analizan como o Estado de Benestar favorece a creación de asociacións promovendo e incentivando a participación mediante subcontratación, delegación de funcións, apoio organizativo, financeiro (a través de transferencias, convenios, subvencións...), exencións fiscais, locais públicos etc. En países con políticas de benestar consolidadas (programas sociais, desemprego, seguridade social, educativos, sanitarios, igualdade de xénero etc.), algúns investigadores calculan que estes programas teñen beneficiado directamente á metade do electorado.

No debate do capital social hai posturas que inciden en que a rede asociativa crea círculos virtuosos fronte aos que defenden que crea dependencia e redes clientelares. Así mesmo, hai unha liña entre asociacións que perseguen fins privados e públicos:

“As asociacións de bolos, as peñas de fútbol, os orfeóns, as sociedades gastronómicas, son todas asociacións que perseguen bens privados: se non se é membro desa asociación, non se pode participar na liga de bolos local ou nos festivais de habaneras. As asociacións ecoloxistas, feministas ou os sindicatos son grupos que perseguen bens públicos. Aínda que non se sexa membro desa asociación, pódese gozar dos beneficios da súa actividade: a declaración dunha zona como parque natural, a aprobación duna lei de discriminación positiva ou unha subida salarial”<sup>3</sup>

Dende este punto de vista, distinguindo os niveis de confianza ou desconfianza social creadas, algunhas redes asociativas poden ser positivas ou negativas, dándose o paradoxo de crear grupos con cohesión social no seu interior ou no sector que representan (endogrupo/nós) e destrutivas cara á fóra (exogrupo/eles) ou cara a entidades, territorios ou intereses en competencia.

## **2. Fidelización, clientelismo político e ideolóxico**

O último enfoque teórico e de contexto trata dun dos fenómenos máis debatidos en Galicia: o das redes clientelares formadas para a consecución de determinados fins socio-

<sup>2</sup> Herreros, F. e Criado, H. (2001), p. 201.

<sup>3</sup> Herreros, F. e Criado, H. (2001), p. 212.

políticos ou ideolóxicos, e tamén da proximidade ou interpenetración entre poder político-ideolóxico e sociedade, sobre a autonomía ou aliñación das asociacións.

Aínda hoxe, adoita poñerse como exemplo de clientelismo a Galicia interior, como sociedade dunha maior desarticulación e dependencia social fronte á Galicia que se estende pola liña de influencia da A-9 ata o litoral, entendida como sociedade de cultura máis complexa, aberta, urbana e articulada social e politicamente. É este un debate que vén cando menos dende o século XIX e que chega á transición política entre a ditadura e a democracia actual, formando un dos vectores que explica a dinámica dunha parte importante da sociedade e tamén do asociacionismo en Galicia.

Ampliando o concepto das redes tradicionais de dependencia sociopolítica e económica, Villares<sup>4</sup> centra o debate sobre o estas tramas clientelares entre redes de procedencia “descendente” ou de arriba a abaixo (o poder crea a súa propia clientela), defendida por Vicente Risco, e o enfoque de Castelao de ser a estrutura social galega (caciques, comunidades e intereses locais) quen crea e propicia a dependencia política, sendo este un enfoque de redes clientelares “ascendentes”, ou de abaixo a arriba.

O asociacionismo que veremos ten -dende a súa creación- unha liña de pertenza e dependencia ideolóxica, primeiro de asociacións políticas e relixiosas, durante os últimos anos do franquismo e, xa na democracia -segundo a súa opción política se situase na proximidade ao poder local/autonómico ou na oposición- as súas liñas de actuación serán completamente diferentes, marcando nuns casos unha acción colaboradora, de retroalienación ou domesticación entre asociacionismo e poder, ou, polo contrario, de enfrontamento e conflito social aberto.

### 3. Obxecto de estudo

Estudaremos e analizaremos entidades que consideramos chave na traxectoria asociativa, como o asociacionismo veciñal e cultural, por seren ambos representativos para entender grupos con características e tipoloxías que teñen un longo percorrido no noso país e que chegan ata o día de hoxe coa suficiente representatividade como para consideralos modelos ou tipos a través dos que tentaremos explicar a evolución do asociacionismo.

Incluímos, a partir de 1980, o asociacionismo de mulleres e de persoas maiores, nos perfís propios deste traballo: a similitude de estrutura organizativa, liderados, proximidade ou autonomía do poder, adaptación á situación social, coas asociacións veciñais e culturais. Ambos grupos de asociacións (veciñais/culturais, mulleres/maiores) teñen o seu contrapunto, reflexo, resposta, contexto e fondo de análise na actividade da Administración Local que en todo este tempo -en relación cos movementos sociais asociativos locais- afronta cambios decisivos (sobre todo, entre 1979-2005) e forma a outra póla do noso artigo.

---

<sup>4</sup> Villares, R. (2004), p. 288-9.

## A) Período 1964-1978

### • Asociacionismo

Unha parte da Igrexa católica –época de *aggiornamento* post Concilio Vaticano II- abre os locais parroquiais a novas actividades e crea a rede de teleclubes. O nacente Opus Dei impulsa a creación da rede de ateneos populares e outras, intentando dar resposta a un cambio socioeconómico que non cabe nunha normativa de prohibición dos dereitos de reunión, expresión, asociación etc.

As posibilidades de utilización de locais e novos espazos de encontro e debate, acelera o nacemento de asociacións culturais e veciñais ao abeiro da mentada lei de 1964. Estes grupos, xunto co movemento estudantil e xuvenil procedentes do ensino secundario e universitario, así como a creación das primeiras asociacións de pais de alumnos, forman o orixinario movemento asociativo organizado e legalizado. O asociacionismo ten unha compoñente interclasista, formado por segmentos sociais das novas clases medias emerxentes na época: profesións liberais, sectores do movemento obreiro, comercial etc., e o seu liderado é unha mestura de militancia sociopolítica, voluntariado, compromiso e activismo no cambio social.

En pouco tempo, o movemento asociativo é unha realidade con influencia potencial e cualitativa sobre amplas áreas da sociedade, comezando a difundir conferencias, libros e actividades sobre temas de cambio social, sexualidade, cine, música etc., que rachan coa dinámica da cultura na ditadura e socializan a moita mocidade en contacto con novos formatos de expresión cultural como a reivindicación da música de raíz, cine-clube, lectura etc. As asociacións de veciños fanse cun espazo social nunha época con carencias de planeamento urbanístico e vivenda, esixencia de creación e mellora de servizos públicos básicos: redes de auga, luz, saneamento etc. Na mesma liña, as –naquel entón- APAS xogaron tamén un papel importante na difusión dos hábitos democráticos de reunión e expresión, aínda tutelados e censurados a aquela altura.

**Gráfica nº 1. Principais accións e actores da época**

ACCIONES	ACTORES
Nacemento e medre exponencial do asociacionismo	1. Igrexa, Estado 2. Organizacións políticas clandestinas (Partido Comunista, nacionalismo galego )
Creación de <i>plataformas</i> para a acción sociocultural	1. Igrexa/Estado (rede de ateneos populares, teleclubes, locais parroquiais, etc.) 2. Organizacións políticas (mobilizan Apas, asociacións culturais, veciñais, etc.)
Actividade sociocultural e asociativa impregnada de arelas de formación, comunicación, información, encontro social e cambio sociopolítico.	Asociacións de pais Asociacións culturais Asociacións de veciños
Aprendizaxe e formación sociocultural en hábitos democráticos, lecer compartido, etc.	Cadros das asociacións Primeira rede democrática de animadores culturais
Eleccións democráticas (sindicais)	Cadros das asociacións: militancia compartida

Fonte: Elaboración propia

Este é un período no que as entidades teñen gran lexitimidade social pola falta de liberdades, a represión social, cultural e política e presentan as súas credenciais ao abeiro do desconcerto e a maior tolerancia do remate do franquismo. O movemento asociativo formaba o fermento do cambio político que se aceleraría definitivamente a partir de 1975. Este Terceiro sector comeza a dar présa á súa actividade social e conta cun tecido asociativo cuantitativa e cualitativamente importante e influente. Os seus cadros forman parte da primeira xeración de animadores socioculturais amadores cunha formación e acción social que será un importante *know-how* cara ás grandes transformacións que estaban en marcha na sociedade.

• *Administración Local*

A actividade sociocultural nas corporacións locais seguía a estela antidemocrática do período: cultura oficialista, fastos pretendidamente culturais, seudointelectuais pro-réxime político, actividades monolingües en castelán, folclore andaluz como nacional-español, presenza hexemónica e tutelar da Igrexa Católica, concepción da cultura como a guinda do pastel para certas elites, administrada masivamente en forma de televisión única, festas parroquiais e fútbol.

As mobilizacións de pais de alumnos reivindicando novos centros de ensino e melloras na participación social na educación, as asociacións culturais que fan do idioma galego a clave de comunicación de tal forma que os actos asociativos pasan a ser monolingües cando o galego aínda era considerado oficialmente como un dialecto, etc., e as reivindicacións veciñais a prol de melloras na súa calidade de vida diaria, fan que a administración local entre en crise ata que cheguen as primeiras eleccións democráticas. Presentamos unha gráfica onde se explica a dinámica entre acción social (as demandas presentadas polas organizacións) e a reacción dos concellos.

**Gráfica nº 2. A Administración local ante os retos da sociedade organizada**

ACCIÓN SOCIAL	ADMINISTRACIÓN LOCAL
Demandas sociais organizadas (educativas, socioculturais, servizos públicos básicos, etc.)	Ineficiencia, burocracia administrativa
Demanda de participación social e política	Falta de liberdade, crise, transición política
Pro recuperación do idioma galego	Toda a actividade institucional en castelán
Programación sociocultural aberta, participativa, alternativa, teatro, música de raíz, cine, etc.	Programación: coros-danzas, festas patronais, fútbol.

Fonte: Elaboración propia

**B) Período 1979-2005**

Establecemos o límite temporal en 1979 por tratarse do ano de constitución das primeiras corporacións locais democráticas, un corte profundo sobre a situación anterior e que afectou ás dúas partes do noso estudo, tanto ás entidades de base como á Administración Local. Engadiremos na evolución deste período, como adiantáramos, ade-

máis das consideradas asociacións-tipo (veciñais e culturais), as de mulleres e persoas maiores.

• *Asociacións*

Este período caracterízase por un crecemento cuantitativo importante entre os anos 1979-1995, e cunha regresión posterior no intervalo temporal 1996-2005. A influencia da natalidade, sendo positiva nos anos 60-70, derivou en negativa a partir de 1975.

A actividade sociocultural é marcadamente interxeracional, abrangendo intencionadamente a todos os sectores poboacionais. Dase, así mesmo, unha evidente diversificación da actividade cultural asociativa: folclore evoluído, teatro, audiovisual, rock, obradoiros etc., e onde o idioma galego é o vehículo de comunicación hexemónico. Ao fío, prodúcese unha refundación do asociacionismo ligado ás comunidades educativas: as célebres APAS van paseniñamente denominándose ANPAS, nun exemplo máis do politicamente correcto na linguaxe. A eclosión deste fenómeno sociolóxico acorde aos novos tempos é paralelo á emerxencia de entidades representativas de certos sectores poboacionais e de idade: as asociacións de mulleres (amas de casa, nomeadamente) e de persoas maiores. Por último, o ciclo e dinámica do asociacionismo veciñal e cultural nestes intres resulta do proceso: crecemento-crise- desaparición/reconversión.

• *Administración Local*

A evolución foi moi desemeillante. Non se pode establecer unha tendencia que sirva para toda Galicia nin sequera establecer similitudes en canto a grupos de concellos por tamaño, xa que tanto grandes como pequenos e medianos teñen comportamentos distintos en canto á participación social e ao asociacionismo. Foron algúns dos municipios grandes e medianos, así como os de dinámicas máis urbanas de entre os pequenos, os que estableceron as características máis salientables, que podemos distinguir en dúas etapas:

1. Período de creación, asentamento e normalización da democracia local: caracterizado por certo activismo político diante da necesidade de visibilizar o cambio nas corporacións locais e “facer cousas”. Ao compás, ante o baixo nivel formativo nos concelleiros, o descoñecemento legal e burocrático da Administración Pública, enténdese a precariedade dos cadros laborais e téndese a unha profesionalización da administración local con cambios tecnolóxicos, funcionais, capital humano etc.

É a época febril da creación de equipamentos socioculturais de proximidade con pouco criterio: centralizados, descentralizados, monofuncionais, polifuncionais, con propiedade/xestión por parte dos propios municipios e moi poucos concedidos á xestión asociativa. Así mesmo, avánzase na profesionalización das figuras de técnicos de cultura, educación, xuventude etc., e dase unha diferenciación de funcións entre o xestor/programador sociocultural (actividade institucional) e o animador sociocultural (actividade asociativa).

A maneira de tratar institucionalmente o asociacionismo por parte municipal deveu en dúas basicamente: concellos con relacións normalizadas coas asociacións e aqueles outros municipios sen relación algunha ou mesmo belixerantes co seu tecido asociativo. Nos primeiros, visualízase tal actitude coa posta en marcha de concellarías de relacións cida-

dás, cultura, educación, xuventude etc. Un proceder este que é parello a un incremento substancial, sobre a etapa anterior, nos orzamentos de cultura, educación ou de relacións cidadás, así como un palpable aumento e unha diversificación da oferta sociocultural e socioeducativa.

2. Modernizada a administración local e cun nivel de infraestruturas e equipamentos importante, os poucos concellos que marcan as diferenzas en aspectos de participación e asociacionismo, afrontan o seu futuro botando man de ferramentas tales como o planeamento estratéxico.

A modernización na xestión corre parella á vontade de institucionalizar a participación, transparencia e gobernanza en colaboración coa cidadanía e as asociacións con iniciativas de:

- Recoñecemento da capacidade asociativa de representatividade, iniciativa, interlocución e negociación.
- Elaboración de regulamentos de participación cidadá organizada: consellos consultivos territoriais (barrio, parroquia) e sectoriais (educación, cultura, xuventude etc.)
- Deseño de Planos comunitarios.
- Propostas de regulación do voluntariado.

Insistimos en que non se pode xeneralizar, nin moito menos, á maioría dos concellos de Galicia senón que tratamos de establecer trazos diferenciais dun e outro período en canto ás características máis avanzadas do labor dunha presa de administracións locais galegas que marcaron ou están a marcar as diferenzas con políticas máis avanzadas en relación coa participación social e o mundo asociativo. Por suposto, cómpre engadir que abunda tamén o modelo de concello inerte e clientelar, que crea, domestica e/ou fideliza un tipo de movemento asociativo que acaba resultando funcional para a retroalimentación do propio poder local.

#### **4. Análise comparativa do asociacionismo-tipo**

##### ***a) Asociacionismo socioeducativo***

As antigas APAS, transformadas en asociacións de nais e pais de alumnos (ANPAS), perderon a función sociopolítica e complementaria que tiveran na súa orixe e son hoxe asociacións dedicadas á actividade dentro de cada centro educativo ou á relación deste co seu contorno socioeducativo, a administración pública, para a xestión de actividades, do voluntariado etc.

##### ***b) Asociacionismo veciñal***

Salientamos unha serie de características do seu tránsito ata a situación actual:

1. Coa normalización democrática, os seus líderes vanse desdobrando (compartindo militancia política, veciñal, sindical etc.) ou pasando de forma definitiva aos campos político ou sindical o que significa unha mingua da capacidade organizativa das asociacións.



2. A dobre militancia (política e asociativa), significou contradicións e conflitos: se o grupo político que inspira ou apoia á asociación está na oposición municipal, incentívase o nivel reivindicativo daquela e a confrontación sociopolítica. Porén, se o partido político afín pasa a gobernar, a asociación devala a formulación reivindicativa e adoita ser máis partícipe ou defensora da política municipal.

Esta dobre dinámica tende a deslexitimar á asociación aos ollos da cidadanía, producíndose inhibición participativa, hibernación, cando non a morte orgánica da entidade.

3. Crise de lexitimidade e representatividade: é a asociación a lexítima e única representante dos intereses do barrio/parroquia ou da vila? É quen unha asociación de elección non directa por parte de todo o vecindario, de representar, negociar ou xestionar intereses comúns?

4. Efecto localista e centrífugo: cada asociación demanda para un ámbito (aldea, lugar, barrio, parroquia...) difuso na organización territorial socialmente operativa, en detrimento dunha concepción xeral do social, o que dá lugar á negociación do orzamento municipal como xogo de actores con gran capacidade de veto, manifestado este na potencia de mobilización veciñal. Isto provoca unha dinámica pouco sustentable (hai parroquias e barrios con varias asociacións), facendo que unha demanda cidadán se multiplique en interlocutores e xestións ante a mesma Administración Pública.

5. Difusa delimitación da concepción de servizo público e privado: certos “obradoiros” veciñais ou culturais que compiten dende locais públicos coa oferta privada, son de interese público?

6. O xogo acción-reacción propio da dinámica sociopolítica dos anos 70-80 foi evoluíndo por camiños máis cooperativos e as asociacións tenden a ser na actualidade máis proactivas que reactivas. A dinámica de buscar consensos ten avanzado moito, en detrimento do conflito social e o enfrontamento aberto.

### **c) Asociacionismo cultural**

A entrada de xeracións novas ven a escenificar o cambio social, unha maior educación formal, un menor activismo, unha mellor situación de democracia e liberdades e mesmo estilos de vida distintos. Do igual xeito, percíbense fenómenos tales como un incremento da mobilidade social, desprazamentos extramunicipais, unha competencia de oferta socio-cultural intermunicipal e unha ampliación e ruptura da ecuación cultural igual a proximidade. As isocronas de 30 e 60 minutos de tempo en desprazamentos para asistir a actividades culturais son asumidas como hábitos sociais e crean un novo *territorio de uso socio-cultural* amplo e supramunicipal.

A esto cabe engadir a perda de incidencia do local como imaxinario-identidade, a crise de formas tradicionais de expresión e acción cultural visualizados en certo declive de festas tradicionais e patronais, o incremento de grandes festivais folk, pop, teatro, grandes exposicións de plástica, fotografía, danza etc.

Por último, son características definitorias deste período e tipoloxía de asociacionismo, o tránsito dunha maior necesidade de actividades cooperativas, grupais, de cambio social

como horizonte etc., á postmodernidade de opción máis individual, influencia das tecnoloxías da información/comunicación, cultivo de hobbies, actividades menos gremiais e máis minoritarias, etc.: crise e sostida substitución do modelo asociativo dos anos 60-80, de forte compromiso político-social.

#### **d) Asociacionismo contemporáneo de mulleres e de persoas maiores**

Creemos que son dous dos grupos sociais máis importantes en canto á súa emerxencia social a partir dos anos 80 e explican outra parte do importante cambio social, económico e de hábitos experimentado en Galicia no longo período que estamos a analizar.

Non é que non existise un asociacionismo feminino ou de maiores anteriormente, pero tanto un como outro tiñan a súa representación en organizacións tuteladas, limitadas a certos ámbitos (caridade, beneficencia social e familiar no caso das mulleres, clubs de xubilados pechados para os maiores) e cunha dinámica de pouca autonomía grupal. Interésanos as asociacións femininas e de maiores que xorden nos anos 80 e 90 baixo a estrutura asociativa e funcional de calquera das entidades que estamos a analizar neste traballo.

Dáse o paradoxo de seren dous grupos emerxentes asumindo dinámicas e roles maduros en canto á súa acción social, actividades socioculturais, liderados etc. Son visibles socialmente cando a demografía do país comeza a reflectir os efectos do brusco descenso da natalidade experimentado a partir de mediados da década dos 70, e prodúcese o seu ascenso social cando debalan as cohortes do *baby boom* dos anos 60 e tamén cando se comeza a falar de cultura do ocio ou dunha maior esperanza de vida. No modelo cultural anterior (muller como eixo familiar, ética do deber, persoas maiores con tarefas agrícolas ou complementarias na familia) sería imposible entender a estes dous grupos ligados á actividade sociocultural pública.

Falando en termos xenéricos, como estudo de asociacións-tipo, a maior parte do asociacionismo feminino nado en Galicia a partir dos anos 90, sendo formalmente novo, segue a dinámica das asociacións que xurden entre 1964-78: creación, apoio ou pulo por parte de poderes fácticos ou das institucións ideolóxicas e políticas. Despois dunha primeira xeira de crecemento societario importante, con actividades de formación, concienciación, autoaxuda etc., a etapa actual –sen deixar de organizar actividades de lecer e cultura- caracterízase pola súa proxección social, participando de forma significativa en actos de masas como o entroido, festas gastronómicas, cabalgatas de Reis etc.

Existe controversia sobre o papel actual do asociacionismo feminino no sentido de acabar sendo subsidiario ou continuador dunhas funcións e formas –aínda que contemporáneas- asociadas aos roles tradicionais da muller, pero hai que ter en conta tamén a situación de partida en Galicia e valorar debidamente a acción de crear asociacións -sobre todo, en concellos pequenos e medianos, por outra banda, a inmensa maioría dos concellos galegos- que sacasen o feminino do rol e os hábitos arraigados no ámbito privado para fomentar a súa autonomía, formación social, lecer e visibilidade no eido público.

Pola consideración e respecto social que esperta o sector da terceira idade, hai unha aproximación intensa entre as asociacións e o poder local e autonómico. Esta aliañación ou

falta de autonomía leva a que as asociacións reproduzan un esquema semellante ás institucións públicas: o mellor xestor é o mellor seguidor. Existe tamén nestes grupos unha dificultade xeracional para asumir o cambio social: hábitos socioeducativos arraigados, carencia de cultura de grupo, falta de diálogo, formas por veces autoritarias (incapacidade na resolución de conflitos por vía proactiva e consensuada etc.), que levan á asociación a dinámicas de crise, ruptura e tutela pública.

Así mesmo, reproducen -nun modelo arraigado sobre unhas formas tradicionais de sentir o territorio- o esquema localista, dando lugar ao nacemento de gran número de asociacións en competencia e solapamento nun ámbito territorial reducido, aspirando cada unha á autonomía funcional e a un espazo propio, cedido pola administración local ou autonómica. Porén, o cambio de paradigma experimentado por este grupo de idade que se encontra ante unha situación de intenso cambio social, familiar ou de rol, fai valorar a achega asociativa como integración social e solidariedade interxeracional, factores ambos para superar a soidade e a falta de función das persoas maiores na cultura actual.

## 5. Algunhas conclusións finais

As asociacións que analizamos tipoloxicamente –con mínimas reconversións- teñen un modelo organizativo e funcional que está a debate, cando non en crise aberta, como se pode ver na desaparición dun importante número de entidades con longa e importante traxectoria ou, cando menos, no seu estado de aletargamento. O asociacionismo cultural e o veciñal que atravesou con gran éxito social o período 1970-1980, amosa dende aquela dificultades de adaptación a unha sociedade cambiada, complexa, con novas formas de vivir o social, o cultural, o lecer, o territorio, a individualidade e a vida privada, a participación.

O modelo organizativo aínda vixente en Galicia non é homologable na súa meirande parte coas teorías recibidas no debate sociocultural destes anos, procedente sobre todo da animación sociocultural francesa, nin co asociacionismo anglosaxón no que se basea a maior parte do debate teórico cando falamos de participación ou de capital social. Actualmente, o asociacionismo analizado, non fomenta tanto sociedade civil como, polo contrario, a aliñación co poder, nin crea círculos virtuosos de capital social senón círculos viciosos e clientelismo político. Hai unha ligazón directa entre a crise dunha determinada forma de facer política e a crise do asociacionismo, e esta é tamén unha das explicacións sobre o desinterese social da cidadanía, nomeadamente a máis moza, por este tipo de entidades.

O asociacionismo que vimos de analizar significa tamén a ruptura do mito da participación social, o número de entidades e de asociados etc., como indicadores de maior calidade cívica e social. No seu día foron entidades funcionais con gran dinamismo social pero non foron quen de se adaptar ás dúas últimas décadas do século pasado. Este asociacionismo clásico -sobrevalorado polos seus creadores e mantedores ideolóxicos e políticos- contrasta coa falta de lexitimidade social que experimentan as súas organizacións, sobre todo, no campo veciñal onde máis que atender á sustentabilidade que adoitan colocar como portal reivindicativo, fomentan un neolocalismo froito da inadaptabilidade -funcional, ideolóxica, de estrutura e liderados- a unha sociedade de novos públicos.

A emerxencia de asociacións máis febles cuantitativamente, con vocación de autonomía dos ámbitos do poder ou das institucións, ligadas a proxectos que responden a inquedanzas persoais pero de utilidade social, como se pode ver nos grupos de apoio á lectura, náutica tradicional e contemporánea, formas de plástica minoritarias, novas músicas etc., son parte dunha nova cidadanía organizada con respecto ao poder como consumidores críticos ou co-creadores de servizos públicos, rachando as costuras dos modelos asociativos citados.

Estimamos, a súa vez, que parte da crise do modelo asociativo clásico ou tradicional está na normalización democrática, tanto da sociedade como nas súas institucións. A extensión dos dereitos no Estado de Benestar a través da implementación dos servizos sociais, cultura, educación, emprego etc., atende demandas sociais de forma positiva e establece unha competencia co asociacionismo resolta a favor das institucións públicas.

Neste sentido, e aínda que os concellos tampouco foron quen de definir aínda un modelo ou traza xeral en equipamentos socioculturais de proximidade ou nas relacións coas asociacións (Alguacil, 2003), sendo certa a descoordinación entre departamentos con incidencia no campo da participación social, por contra –en parte derivado da presión social e asociativa-, temos por vez primeira na historia unha consolidación institucional destas áreas e servizos. Estos, debidamente mellorados, son unha opción a medio e longo prazo para que unha sociedade como a galega -aínda en cambio socioeconómico estrutural, con problemas de identidade e asentamento- vaia recibindo unha cultura dialogante e aberta, identificada cara á dentro do país e en relación co exterior, uns servizos públicos básicos para a calidade de vida cidadá (Axenda 21 da Cultura, 2004), un planeamento urbanístico ou medioambiental que vaia desbrozando no inverno para evitar os incendios no verán etc.

A necesaria confianza entre a sociedade civil, e entre esta e as institucións públicas, terá que vir dun diálogo propiciado por un novo asociacionismo que vai pouco a pouco ocupando parcelas sociais de responsabilidade. Un asociacionismo que, sendo necesariamente crítico e autónomo, promove e coparticipa na mellora da sociedade civil, dos servizos e institucións ou na eliminación das redes clientelares existentes para que o sistema político local reciba doses de democracia participativa que axuden a paliar a gran desconfianza que as enquisas amosan entre a sociedade e a política, nomeadamente os cargos públicos.

### **Referencias bibliográficas:**

Alguacil, J. (edit.) (2003): *Ciudadanía, ciudadanos y democracia participativa*. Fundación César Manrique, Lanzarote.

Axenda 21 da Cultura (2004): *interea visual 02*. A Coruña, Deputación da Coruña. Separata.

Coleman, James S. (2001): “Capital social y creación de capital humano”, en Herreros, F e de Francisco, A.: *Capital social*, Zona Abierta nº 94/95.

- Herreros, F. e Criado, H. (2001): "El problema de la creación del capital social. Estado, asociaciones voluntarias y confianza generalizada", en Herreros, F. e de Francisco, A.: *Capital social*, Zona Abierta nº 94/95.
- Pérez Rúa, M.; Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén e Montero Souto, P. (coords.) (2006): *Asociacionismo e participación cidadá: análise e propostas*. Deputación da Coruña, A Coruña.
- Villares, R. (2004): *Historia de Galicia*. Galaxia, Vigo.